

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**11733** *Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

#### I

As avaliacións externas de fin de etapa constitúen unha das principais novidades da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, con respecto ao marco normativo precedente. O artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, dispón que as probas e os procedementos das avaliacións indicados nos artigos 29 e 36 bis da citada lei serán deseñados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través do Instituto Nacional de Avaliación Educativa. No mesmo artigo 144.1 establécese que a realización material das probas lles corresponde ás administracións educativas competentes.

En cumprimento destas previsións legais, o Goberno aprobou diversos desenvolvementos regulamentarios que afectan a configuración destas avaliacións. En primeiro lugar, o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, indica no seu artigo 21 que, ao finalizar o cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada pola opción de ensinanzas académicas ou pola de ensinanzas aplicadas, en que se comprobará o logro dos obxectivos da etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes. No punto primeiro do artigo 31 do dito real decreto indícase que os alumnos e alumnas realizarán unha avaliación individualizada ao finalizar o bacharelato, en que se comprobará o logro dos obxectivos desta etapa e o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Posteriormente, o Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, regula as características xerais das probas de avaliación realizadas ao final da etapa de educación primaria.

Finalmente, o Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, na súa disposición derradeira primeira, determina o calendario de implantación das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

#### II

A disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, estableceu o calendario de implantación dos diferentes aspectos da reforma educativa, que prevé a realización das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e bacharelato no presente curso 2016/17, ben que o recoñecemento de efectos académicos destas probas se difire ata o curso 2017/18.

Constátase na sociedade e na comunidade educativa unha exixencia dirixida a todas as formacións políticas para acadar un acordo en materia educativa que dote de estabilidade normativa este elemento esencial para o desenvolvemento persoal dos cidadáns e para a convivencia e o progreso económico do noso país. Resulta tamén evidente que as avaliacións educativas deben formar parte deste debate.

Con obxecto de colaborar decididamente no proceso de diálogo que debe concluír no Pacto de Estado social e político pola educación e, en cumprimento dos compromisos políticos asumidos, o Goberno amplía o prazo para a implantación das avaliacións, de maneira que mentres se leven a cabo as negociacións estas probas non teñan efecto ningún para a obtención dos títulos de educación secundaria obrigatoria e de bacharel, e

a súa organización e desenvolvemento non afecte o funcionamento ordinario das administracións educativas e dos centros docentes.

Deste modo, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación final de educación secundaria obrigatoria consistirá nunha proba sen efectos académicos e de carácter mostral, mentres que no caso do bacharelato se realizará unha proba de características semellantes á ata agora vixente proba de acceso á universidade e válida para os únicos efectos de acceso á universidade. Ademais, durante este período, o obxecto das probas limitarase ás materias troncais do último curso de cada etapa educativa.

En calquera caso, a realización destas probas en todo o territorio español durante o período de negociación proporcionará indubidables beneficios. Por unha parte, permitirá un diagnóstico das necesidades dos centros educativos e dos seus alumnos, co obxectivo de mellorar as actuacións educativas en cada centro. Por outra parte, permitirá que a comunidade educativa se adecue ao novo sistema e á realidade educativa de cada comunidade autónoma e, ademais, servirá como proceso de avaliación, análise e mellora do sistema de avaliacións finais nas distintas etapas educativas.

Para lograr estes obxectivos faise necesario modificar o calendario de implantación previsto na disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro. Concretamente, régulanse tanto as características como a suspensión dos efectos académicos das avaliacións finais nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación. Con iso garántese a igualdade de oportunidades de todos os alumnos e establécese un período de transición cara ao novo sistema educativo que permita a súa aplicación con todas as garantías.

Por outro lado, resulta conveniente modificar o Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, o Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e o Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, que regula as características xerais das probas de avaliación realizadas ao final da etapa de educación primaria, co fin de axustar os ditos decretos ás modificacións que se realizan neste real decreto lei sobre a disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, no referente ao calendario de aplicación das avaliacións finais das etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria e bacharelato.

### III

As medidas que se adoptan neste real decreto lei afectan a configuración das avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e bacharelato que se celebrarán ao concluír o presente curso escolar 2016/17, polo que concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución como premisa para recorrer a este instrumento xurídico. Por outra parte, respéctanse os límites constitucionalmente establecidos para o uso deste instrumento normativo e, singularmente, salvagardouse o contido esencial do dereito á educación regulado no artigo 27 da Constitución; de feito, unicamente se regula o calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, aspecto que carece da condición de materia reservada a lei orgánica e que é habitualmente regulado mediante normas regulamentarias, tanto neste como noutros ámbitos sectoriais.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 9 de decembro de 2016,

DISPOÑO:

**Artigo 1.** *Modificación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.*

Modifícase a disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición derradeira quinta. *Calendario de implantación.*

1. As modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos, promoción e avaliacións de educación primaria implantaranse para os cursos primeiro, terceiro e quinto no curso escolar 2014-2015, e para os cursos segundo, cuarto e sexto no curso escolar 2015-2016.

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación de educación primaria recollida no artigo 21 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, será considerada mostral e terá finalidade diagnóstica. A selección de alumnos e centros será suficiente para obter datos representativos. As administracións educativas poderán elevar o número de centros participantes por enriba das necesidades mostrais ou facela con carácter censual.

2. As modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos, requisitos para a obtención de títulos, programas, promoción e avaliacións de educación secundaria obrigatoria implantaranse para os cursos primeiro e terceiro no curso escolar 2015/2016, e para os cursos segundo e cuarto no curso escolar 2016/2017.

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación a avaliación regulada no artigo 29 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, será considerada mostral e terá finalidade diagnóstica. Avaliarase o grao de adquisición da competencia matemática, da competencia lingüística e da competencia social e cívica, tendo como referencia principal as disciplinas xerais do bloque das disciplinas troncais cursadas en cuarto de educación secundaria obrigatoria. Esta avaliación carecerá de efectos académicos.

A selección de alumnos e centros será suficiente para obter datos representativos. As administracións educativas poderán elevar o número de centros participantes por enriba das necesidades mostrais ou facela con carácter censual.

Os títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria expedidos ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

3. As modificacións introducidas no currículo, a organización, obxectivos, programas, promoción e avaliacións de bacharel implantaranse para o primeiro curso no curso escolar 2015-2016, e para o segundo curso no curso escolar 2016-2017.

As modificacións introducidas nos requisitos para a obtención de certificados e títulos no artigo 37 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, nos requisitos para a obtención do título de bacharel polos alumnos a que se refire o artigo 44, punto, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e no artigo 50, punto 2, da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como para a avaliación final de bacharelato no artigo 36 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, quedan suspendidas ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación.

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, regulada polo artigo 36 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, non será necesaria para obter o título de bacharel e realizarase exclusivamente para o alumnado que queira acceder a estudos universitarios. Tratará exclusivamente sobre as materias xerais cursadas do bloque das disciplinas troncais de segundo curso e, se é o caso,

da materia Lingua Cooficial e Literatura. Os alumnos que queiran mellorar a súa nota de admisión poderán examinarse de, cando menos, dúas disciplinas de opción do bloque das disciplinas troncais de segundo curso.

Así mesmo, durante este período, os alumnos que se encontren en posesión dun título de técnico ou de técnico superior de formación profesional ou de técnico das ensinanzas profesionais de música ou de danza poderán obter o título de bacharelato cursando e superando as disciplinas xerais do bloque de disciplinas troncais da modalidade de bacharelato que o alumno elixa.

4. Os ciclos de formación profesional básica substituirán progresivamente os programas de cualificación profesional inicial. O primeiro curso dos ciclos de formación profesional básica implantarase no curso escolar 2014-2015, curso en que se suprimirá a oferta de módulos obrigatorios dos programas de cualificación profesional inicial; durante este curso, os alumnos e alumnas que superen os módulos de carácter voluntario obterán o título de graduado en educación secundaria obrigatoria. O segundo curso dos ciclos de formación profesional básica implantarase no curso escolar 2015-16.

Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, os alumnos que obteñan un título de formación profesional básica poderán obter o título de educación secundaria obrigatoria sempre que, na avaliación derradeira do ciclo formativo, o equipo docente considere que alcanzaron os obxectivos da educación secundaria obrigatoria e adquiriron as competencias correspondentes.

5. As modificacións introducidas no currículo dos ciclos formativos de grao medio da formación profesional implantaranse unicamente ao inicio dos ciclos, no curso escolar 2015-2016.

6. O acceso e a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao realizaranse da seguinte forma:

a) Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao dos alumnos que obtivesen o título de bacharel serán os seguintes:

1) Aqueles que accedan con anterioridade ao curso 2017/18 deberán ter superado a proba de acceso á universidade que establecía o artigo 38 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, ou as probas establecidas en normativas anteriores con obxecto similar.

2) Para aqueles que accedan no curso 2017-2018 e ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a cualificación obtida na proba que realicen os alumnos que queiran acceder á universidade a que se refire o artigo 36.bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, será a media aritmética das cualificacións numéricas de cada unha das disciplinas xerais do bloque de disciplinas troncais e, se é o caso, da materia Lingua Cooficial e Literatura, expresada nunha escala de 0 a 10 con dúas cifras decimais e arredondada á centésima. Esta cualificación deberá ser igual ou superior a 4 puntos para que poida ser tida en conta no acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao.

A cualificación para o acceso a estudos universitarios deste alumnado calcularase ponderando un 40 por 100 a cualificación da proba sinalada no parágrafo anterior e un 60 por 100 a cualificación final da etapa. Entenderase que se reúnen os requisitos de acceso cando o resultado desta ponderación sexa igual ou superior a cinco puntos.

A cualificación obtida en cada unha das materias de opción do bloque de disciplinas troncais da proba sinalada anteriormente poderá ser tida en conta para a admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao cando teña lugar un procedemento de concorrencia competitiva.

As administracións educativas, en colaboración coas universidades, que asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coas probas de acceso á universidade, organizarán a realización material da proba sinalada no parágrafo anterior para o acceso á universidade. Non obstante, cada Administración educativa poderá delimitar o alcance da colaboración das súas universidades na realización da proba. A dita avaliación terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

b) Poderán acceder á universidade os alumnos que estean en posesión das seguintes titulacións estranxeiras:

- 1) Os alumnos titulados en bacharel europeo ou en bacharel internacional.
- 2) Os alumnos procedentes de sistemas educativos de Estados membros da Unión Europea ou doutros Estados cos cales se subscribisen acordos internacionais.

A partir do curso 2014/15 a admisión destes alumnos nas ensinanzas universitarias oficiais de grao realizarase de conformidade co vixente artigo 38 e coa disposición adicional trixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como coa súa normativa de desenvolvemento.

c) Os alumnos en posesión das titulacións de técnico superior e técnico deportivo superior, ou que estean en posesión dun título, diploma ou estudo equivalente ao título de bacharel, obtido ou realizado en sistemas educativos de Estados que non sexan membros da Unión Europea, cos cales non se subscribisen acordos internacionais para recoñecemento do título de bacharel en réxime de reciprocidade, que accedan no curso escolar 2014/15 e en cursos posteriores deberán cumprir os requisitos indicados na disposición adicional trixésimo sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

7. O resto de modificacións curriculares establecidas nesta lei orgánica poderase implantar a partir do curso escolar 2014/2015.»

**Artigo 2.** *Adecuación do réxime xurídico da avaliación final de educación secundaria obrigatoria e da avaliación final de bacharelato para o acceso á universidade ao novo calendario de implantación.*

1. Queda derogada a disposición derradeira primeira do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, polo que se regulan as avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

2. Durante o período previsto nos puntos 2 e 3 da disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, da avaliación final de educación secundaria obrigatoria e da avaliación final de bacharelato para acceso á universidade rexeranse polas previsións deste artigo e, supletoriamente, e no que resulten compatibles con elas, polo Real decreto 310/2016, do 29 de xullo.

3. Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto de Estado social e político pola educación, a avaliación de educación secundaria obrigatoria terá as seguintes características:

- a) A avaliación non terá efectos académicos.
- b) A avaliación será considerada mostral e terá unha finalidade diagnóstica, unicamente participará nela o alumnado matriculado en cuarto curso que fose seleccionado pola Administración educativa, exclusivamente pola opción cursada. A selección de alumnos e centros será suficiente para obter datos representativos. As administracións educativas poderán elevar o número de centros participantes por enriba das necesidades mostrais ou facela con carácter censual.
- c) Avaliará o grao de adquisición da competencia matemática, a competencia lingüística, a competencia social e cívica e terá como referencia principal as materias

xerais do bloque das disciplinas troncais cursadas en cuarto de educación secundaria obrigatoria.

4. Ata a entrada en vigor da normativa resultante do Pacto social e político pola educación, a avaliación de bacharelato para o acceso aos estudos universitarios terá as seguintes características:

a) A avaliación unicamente se terá en conta para o acceso á universidade, pero a súa superación non será necesaria para obter o título de bacharel.

b) Poderase presentar á avaliación o alumnado que estea en posesión do título de bacharel, así como os alumnos que se encontren nalgunha das situacións recollidas na disposición adicional terceira do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo.

c) As administracións educativas, en colaboración coas universidades, que asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coas probas de acceso á universidade, organizarán a realización material da avaliación final de bacharel para o acceso á universidade. Non obstante, cada Administración educativa poderá delimitar o alcance da colaboración das súas universidades na realización da proba. A dita avaliación terá validez para o acceso ás distintas titulacións das universidades españolas.

d) A adquisición das competencias avaliarase a través das disciplinas xerais cursadas do bloque das disciplinas troncais de segundo curso e, se é o caso, da materia Lingua Cooficial e Literatura. Os alumnos que queiran mellorar a súa nota de admisión poderán examinarse de, ao menos, dúas disciplinas de opción do bloque das disciplinas troncais de segundo curso.

5. As avaliacións finais de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato da educación de persoas adultas, así como as modificacións introducidas polo Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, nas probas para a obtención directa do título de graduado en educación secundaria obrigatoria e do título de bacharel por parte de persoas adultas, non se implantarán ata o termo do período transitorio regulado pola disposición derradeira quinta da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro.

**Artigo 3.** *Adecuación do réxime xurídico da avaliación final da educación primaria ao novo calendario de implantación.*

1. Queda derogada a disposición derradeira primeira do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, polo que se regulan as características xerais das probas da avaliación realizada ao final da etapa de educación primaria establecida na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Ata a finalización do período transitorio regulado na disposición derradeira quinta da Lei 8/2013, do 9 de decembro, a avaliación de educación primaria prevista no artigo 21 será considerada mostral e terá finalidade diagnóstica; será realizada polo alumnado dos centros docentes do sistema educativo español escolarizado en sexto curso de educación primaria. A selección de alumnos e centros será suficiente para obter datos representativos. As administracións educativas poderán elevar o número de centros participantes por enriba das necesidades mostrais ou facela con carácter censual. As previsións do Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro, unicamente serán aplicables no que non se opoñan a esta disposición.

**Artigo 4.** *Títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria obtidos durante o período de implantación da avaliación final.*

1. Queda derogada a disposición transitoria única do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 23 do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, nos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria que se obteñan durante o período de implantación da avaliación de etapa previsto na disposición derradeira quinta

da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, a cualificación final que figurará será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dous decimais, arredondada á centésima.

3. Os títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria obtidos ata a finalización do período transitorio permitirán acceder indistintamente a calquera das ensinanzas postobrigatorias recollidas no artigo 3.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 9 de decembro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY